III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

ACORDO do 29 de xaneiro de 2024 polo que se toma coñecemento do Plan de cobertura informativa da campaña electoral da Corporación Radiotelevisión Española (RTVE) para as eleccións ao Parlamento de Galicia do 18 de febreiro de 2024.

A Xunta Electoral de Galicia, na sesión do 29 de xaneiro de 2024, tomou coñecemento do Plan de cobertura informativa elaborado pola Corporación Radiotelevisión Española (RTVE) (RE núm. 340/2024) para as eleccións ao Parlamento de Galicia, do 18 de febreiro de 2024, de conformidade co disposto no artigo 66 da LOREX e na Instrución 4/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central, de interpretación do artigo 66 da LOREX, no relativo ás garantías de respecto aos principios de pluralismo, igualdade, proporcionalidade e neutralidade informativa polos medios de comunicación en período electoral.

O dito plan está publicado na páxina web da Xunta Electoral de Galicia:

https://www.parlamentodegalicia.es/XuntaElectoral/

Os representantes xerais das formacións políticas concorrentes ao proceso electoral en curso poden presentar ante a Xunta Electoral de Galicia as reclamacións ou os recursos que consideren pertinentes, de conformidade co disposto no punto quinto da citada instrución, ata as 11.00 horas do mércores 31 de xaneiro de 2024.

Os recursos formulados no tempo e na forma estarán á disposición das formacións políticas interesadas na Secretaría da Xunta Electoral (xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal), para os efectos de que poidan formular alegacións ata as 14.00 horas do xoves 1 de febreiro de 2024. Idéntico prazo terá a Corporación Radiotelevisión Española (RTVE) para contestar as reclamacións ou os recursos presentados.

O que se publica no *Diario Oficial de Galicia* en virtude do disposto no artigo 18.6 da LOREX e no punto quinto da referida Instrución 4/2011, do 24 de marzo.

A Coruña, 29 de xaneiro de 2024

José María Gómez y Díaz-Castroverde
Presidente da Xunta Electoral de Galicia

CVE-DOG: dhhupml8-c4s6-jwq9-tkw8-50eqbz3nakc2